

AVALIACIÓN DO II PLAN  
DE IGUALDADE DE  
OPORTUNIDADES ENTRE



Concello de  
Camariñas

2 ♀ 1 ♂ 2 8 MULLERES  
E HOMES



AUTORA: **PATRICIA VAQUERO GONZÁLEZ**

*Técnica de Igualdade do Concello de Camariñas*

COORDINADORA E SUPERVISIÓN TÉCNICA: **M<sup>a</sup> JOSEFA JIMENEZ SÁNCHEZ**

*Técnica Local de Emprego do Concello de Camariñas*

DESEÑO E MAQUETACIÓN: **JOSE MANUEL SESTAYO**

*Técnico Informático do Concello de Camariñas*

FOTOGRAFÍA DE PORTADA: **MARCOS RODRÍGUEZ**

*Fotografía participante o II Maratón fotográfico "Implicate" do Concello de Camariñas*

**INDICE:**

<b>1. INTRODUCCION .....</b>	<b>3</b>
<b>2. METODOLOXÍA.....</b>	<b>5</b>
<b>3. ANÁLISE ESTRATÉXICO DO PLAN .....</b>	<b>5</b>
<b>4. ANÁLISE DO SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.....</b>	<b>7</b>
<b>5. ANÁLISE DAS ACTUACIÓNS: .....</b>	<b>8</b>
<b>5.1 Participación e empoderamento.....</b>	<b>8</b>
<b>5.2 Conciliación.....</b>	<b>9</b>
<b>5.3 Formación e emprego.....</b>	<b>10</b>
<b>5.4 Prevención e eliminación de violencia de xénero.....</b>	<b>11</b>
<b>5.5 Coeducación e promoción da igualdade .....</b>	<b>13</b>
<b>5.6 Saúde e deporte .....</b>	<b>14</b>
<b>6. RECOMENDACIÓN E PROPOSTAS PARA INCORPORAR NO III PLAN DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE CAMARIÑAS.....</b>	<b>15</b>
<b>7. FICHAS DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN E SEGUIMENTO DO II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE CAMARIÑAS (2008-2012).....</b>	<b>16</b>
<b>8. ANEXOS:</b>	

## 1. INTRODUCCIÓN:

O informe que se presenta a continuación contén a avaliación do II Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes do concello de Camariñas 2008-2012. Este plan de Igualdade contemplaba as actuacións que se levarían a cabo pola Área de Igualdade, así como outros departamentos ou seccións do concello co obxectivo de fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no noso concello.

Neste plan non nos limitamos a establecer accións positivas, para corrixir as desigualdades existentes entre mulleres e homes do noso concello, senón que planeamos unha estratexia global e integral <sup>1</sup>, o denominado mainstreaming de xénero co obxectivo de rachar coas barreiras estruturais que impiden a consecución da igualdade real entre mulleres e homes e integrar dun xeito transversal a análise de xénero e a igualdade de oportunidades en todas as políticas públicas.

Para por en marcha esta estratexia global deseñouse unha estrutura que estableceu 6 eixes de intervención estruturados en liñas estratéxicas. Neste planeamento cabe destacar que as áreas de traballo forman unha maneira de ordenar a intervención e polo tanto o obxectivo final do Plan que non é outro que a consecución da igualdade real entre mulleres e homes.

A continuación, expoñemos un cadro resumen do contido do II Plan:

<b>LIÑA ESTRATÉXICA 1: PARTICIPACIÓN E EMPODERAMENTO</b>	
<b>Obxectivo Xeral:</b> Promove-la participación e plena integración das mulleres en tódolos ámbitos da vida pública.	
<b>Obxectivos específico 1.1</b>	Poñer en marcha e dinamizar o consello Sectorial da Muller
<b>Obxectivos específico 1.2</b>	Fomenta-la creación, dinamización e mantemento de asociacións de mulleres.
<b>Obxectivos específico 1.3</b>	Favorecer a creación dun espazo destinado ao intercambio e reunións das mulleres do noso concello.
<b>LIÑA ESTRATÉXICA 2: CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR, LABORAL E PERSOAL: REPARTO DE RESPONSABILIDADES DOMÉSTICAS E FAMILIARES</b>	
<b>Obxectivo Xeral:</b> Promover e facilitar a corresponsabilidade para a conciliación da vida familiar, laboral e persoal.	
<b>Obxectivos específico 2.1</b>	Promover o desenvolvemento dun modelo de convivencia familiar, social e laboral máis igualitario.
<b>Obxectivos específico 2.2</b>	Colaboración con outras administracións públicas na creación de servizos públicos dirixidos a atención da infancia e persoas dependentes.
<b>Obxectivos específico 2.3</b>	Favorecer a información dos recursos existentes dispoñibles tanto para o colectivo feminino como para o masculino para conseguir conciliar a vida familiar e laboral.
<b>Obxectivos específico 2.4</b>	Fomenta-la participación e a implicación do colectivo masculino en actividades e actuacións relacionadas coa igualdade de oportunidades.

<b>LIÑA ESTRATÉXICA 3: FORMACIÓN E EMPREGO</b>	
<b>Obxectivo Xeral:</b> Fomenta-la formación e cualificación profesional, apoiar a incorporación da muller ao mercado de traballo, o autoemprego e promove-la mellora das condicións laborais en sectores máis feminizados.	
<b>Obxectivos específico 3.1</b>	Realizar accións encamiñadas a inserción laboral contemplando de maneira específica o perfil das mulleres e fomentando a diversificación profesional.
<b>Obxectivos específico 3.2</b>	Apoiar a xeración de emprendedoras e o fortalecemento das empresarias.
<b>Obxectivos específico 3.3</b>	Desenvolver campañas informativas sobre as condicións de traballo das mulleres.
<b>LIÑA ESTRATÉXICA 4: PREVENCIÓN E ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO</b>	
<b>Obxectivo Xeral:</b> Favorecer a prevención de situacións de violencia contra as mulleres, así como intentar mellorar a calidade de vida das mulleres vítimas de violencia de xénero de maneira integral para que leven a cabo un proxecto vital novo onde sexan persoas autónomas, independentes e seguras de si mesmas.	
<b>Obxectivos específico 4.1</b>	Promover actuacións de información, sensibilización e formación da poboación en xeral, co fin de previr situacións de violencia contra as mulleres.
<b>Obxectivos específico 4.2</b>	Promover a integración sociolaboral das mulleres vítimas de violencia de xénero.
<b>LIÑA ESTRATÉXICA 5: COEDUCACIÓN E PROMOCIÓN DA IGUALDADE</b>	
<b>Obxectivo Xeral:</b> Favorecer a ruptura dos estereotipos e roles de xénero por medio da educación e a promoción de accións que fomenten a igualdade.	
<b>Obxectivos específico 5.1</b>	Promover a ruptura dos estereotipos e roles de xénero por medio da educación.
<b>LIÑA ESTRATÉXICA 6: SAÚDE E DEPORTE</b>	
<b>Obxectivo Xeral:</b> Mellorar as condicións de benestar das mulleres atendendo ás súas necesidades.	
<b>Obxectivos específico 6.1</b>	Implantar programas de educación sanitaria que faciliten un mellor coñecemento sobre a saúde en xeral, sobre os cambios biolóxicos, e sobre calquera adquisición dos hábitos saudables para mellorar a súa calidade de vida.
<b>Obxectivos específico 6.2</b>	Impulsar a participación das mulleres en actividades deportivas e recreativas atendendo ás necesidades e intereses que estas teñen.

Este informe recolle os resultados da avaliación realizada pola Técnica de Igualdade, centrado na análise en profundidade da eficacia das actuacións que se levaron a cabo, tamén inclúe un pequeno análise da fase de planeamento, da eficacia, do cumprimento dos obxectivos, coherencia e seguimento, ademais de realizar unha serie de recomendacións e aportación a ter en conta na elaboración do III Plan de igualdade municipal. Esta avaliación, permitirá coñecer de forma global os aspectos máis relevantes do II PIOM de Camariñas, ademais de coñecer tódalas actuacións e programas realizados no marco do plan.

## **2. METODOLOXÍA:**

A metodoloxía de traballo para levar a cabo o informe de avaliación do II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Camariñas 2008-2012, centrouse na análise da información obtida por medio de:

- Memoria de actividades do ano 2008.
- Memoria de actividades do ano 2009.
- Memoria de actividades do ano 2010.
- Memoria de actividades do ano 2011.
- Memoria de actividades do ano 2012.
- Cuestionarios de seguimento de actuacións.
- Fichas informativas das actuacións.
- Reunións con persoal técnico implicado na consecución do plan.

A análise desta documentación ha permitido coñecer as actividades realizadas durante os meses de vixencia do Plan. Así como darnos unha idea xeral do proceso de deseño, planificación e posta en marcha das diferentes actuacións e afondar na identificación de actuacións, programas e actividades levadas a cabo polas diferentes áreas do Concello.

Todo isto permitiunos levar a cabo a avaliación, poder expoñer a análise realizada sobre os diferentes aspectos do plan, presentar as distintas actuacións realizadas e facer unha serie de recomendación para o futuro plan.

O deseño do II PIOM levouse a cabo mediante unha metodoloxía participativa e quixo invitar a participar a todos os axentes sociais relacionados; outros departamentos municipais, Asociación mulleres, Consello Sectorial da Muller,.. Realizáronse un total de 31 entrevistas semiestruturadas, 2 grupos de discusión, 5 mesas de mulleres pola igualdade e contactos con departamentos municipais e axentes sociais vinculados. Así mesmo a implicación da responsable política na elaboración do Plan foi tamén un elemento clave.

Este traballo conxunto permitiu implicar a un gran número de axentes onde as súas aportacións permitiron o deseño das liñas de intervención, obxectivos e actuacións para cubrir as necesidades da poboación de Camariñas e permitiron avanzar no fomento da igualdade de oportunidades no Concello.

Aínda así, consideramos que a implicación doutros colectivos como o empresariado, axentes sindicais, responsables de centros escolares e sanitarios ..., sería mais enriquecedora para a consecución dos obxectivos planeados.

## **3. ANÁLISE ESTRATÉXICO DO PLAN:**

Unha das variables a analizar para determinar a calidade do planeamento do PIOM e a adecuación das actuacións do Plan de Igualdade ás necesidades da poboación en xeral, e das mulleres en particular do noso Concello.

Por isto, como base fundamental sobre a que elaborar as directrices do futuro Plan de Igualdade elaborouse un documento técnico de diagnose que deu conta dos principais factores de incidencia na realidade social da poboación de Camariñas.

A elaboración deste Plan realizouse co obxectivo de continuar realizando actuacións dirixidas a fomentar a igualdade de oportunidades, postas en marcha dende o ano 2001, e mais concretamente dende a posta en marcha do I PIOM, o mesmo tempo que se deseñaban outras novas, adaptadas ás novas necesidades do concello no que se refire a recursos humanos e financeiros.

O traballo previo de planeamento coas aportación pertinentes, deu lugar a 6 liñas estratéxicas ou de intervención:

- Participación e empoderamento.
- Conciliación da vida familiar, laboral e persoal: Reparto de responsabilidades domésticas e familiares.
- Formación e emprego.
- Prevención e eliminación da violencia de xénero.
- Coeducación e promoción da igualdade.
- Saúde e deporte.

Estas 6 áreas de intervención consideramos que son pertinentes para combater as necesidades do concello. Nembargante, tras o análise das mesmas detectamos limitacións na estratexia de mainstreaming pois o avance na incorporación da igualdade como un tema transversal o longo da vixencia do plan realizouse de maneira satisfactoria nos departamentos de Servizos Sociais e a Axencia de Desenvolvemento Local non podendo completarse nos departamentos de Cultura e Deportes, aínda así concluímos que a incorporación ao Plan da estratexia de mainstreaming de xénero foi altamente positiva e valiosa para a consecución do mesmo.

Así, observase que estas 6 liñas estratéxicas son pertinentes por:

- Incorporar a perspectiva de xénero no conxunto das actuacións realizadas, permiten que se produza un avance significativo no fomento da igualdade no noso consello.
- Conseguir nas campañas e actuacións dirixidas a poboación sobre corresponsabilidade e a conciliación, concienciar a poboación sobre a necesidade da implicación dos homes nas tarefas do fogar, así como captar un grupo de 17 homes para traballar o cambio de mentalidades á actitudes mais igualitarias.
- Na liña de Prevención e eliminación da violencia de xénero tan importante para o fomento da igualdade, realizouse un traballo constante o longo da vixencia do plan pois ademais de traballar a prevención e sensibilización co campañas divulgativas e obradoiros aos centros educativos, traballouse duro na posta en marcha no programa de intervención e acompañamento en violencia de xénero “ Hai outro lado” onde se traballa para mellorar a calidade de vidas das mulleres de maneira integral e na posta en marcha dun Itinerario de Coordinación Institucional en materia de Violencia de Xénero, co obxectivo de traballar de maneira conxunta e coordinada en cada caso para evitar a revitimización das mulleres.

- Sensibilizar e educar na igualdade nos centros educativos do concello, está contribuíndo o cambio á unha sociedade igualitaria, libre de prexuízos e estereotipos. Así como a transmisión de valores de igualdade a toda a comunidade educativa (nais, pais, nenas, nenos e titores/as).

Tendo en conta a estrutura do Plan a planificación das actividades na área de Igualdade agrúpanse por programas ou proxectos, onde se van englobando as distintas actuacións adecuadas o mesmo, é moi pouco frecuente a realización de actuacións illadas senón que se engloban nun conxunto para dotalas de significado e que teñan unha maior repercusión.

Para a elaboración deste II Plan de igualdade de Oportunidades e a elección das distintas liñas e obxectivos do plan tamén tívose en conta, despois dun análise previo, a lexislación vixente de materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes desenvolvidos a nivel nacional e autonómico.

#### **4. ANÁLISE DO SEGUIMENTO E DA AVALIACIÓN:**

Outro elemento a analizar para poder avaliar a fase de planeamento deste plan é a existencia dun sistema de seguimento e avaliación adecuado para a consecución do obxectivos do II plan de igualdade.

O II Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Camariñas 2008-2012 , estableceu na súa metodoloxía un sistema de coordinación, seguimento e avaliación do Plan así como un sistema de avaliación continua de análise e reflexión sobre o desenvolvemento do II PIOM. Con isto pretendíase ter unha información actualizada sobre o grao de execución do plan para extraer de maneira periódica ideas, reflexións e conclusións útiles para a súa continuidade para futuras intervencións e incluso para corrixir algunha desviación.

En relación con isto, sinalar que non foi posible a realización dunha avaliación continuada do Plan na totalidade do período de vixencia do mesmo. Nos primeiros anos correspondentes aos anos 2008, 2009 e 2010 realizouse o seguimento de actuacións, memorias finais, avaliación de cuestionarios de satisfaccións e reunións técnicas. Non así nos dous últimos anos de vixencia do Plan correspondentes ao ano 2011 e 2012 no que foi inviable a realización dun seguimento e avaliación tan exhaustivo e continuado pola situación de temporalidade laboral a partir de esa data da Técnica de Igualdade, aínda así, se elaboraron memorias anuais onde se recollían os resultados das actuacións realizadas, e as fichas de seguimento de todas as actuacións levadas a cabo.

Esta situación provoca perda de contacto cos grupos e colectivos captados, a pouca posibilidade de traballar de maneira minuciosa programas, a perda do hilo condutor e dinamizador como medio de establecemento de estruturas no fomento da igualdade fan que nos últimos anos de vixencia do plan houbera un retroceso sobre todo no establecemento de redes ou consolidación das xa existentes, ao tratarse de redes incipientes que necesitarían un proceso de titorización maior para a súa maduración e autonomía.



Por outro lado, cabe destacar como moi positivo o exhaustivo listado de indicadores (cualitativos e cuantitativos) que foron incorporados no Plan de igualdade.

## 5. ANÁLISE DAS ACTUACIÓNS:

### 5.1 LIÑA ESTRATÉXICA: PARTICIPACIÓN E EMPODERAMENTO.

Esta liña de Participación e Empoderamento ten como obxectivo xeral promover a participación e plena integración das mulleres e tódolos ámbitos da vida pública.

Pensamos que era necesario articular unha nova forma de participación onde realmente se teñan en conta as súas inquedanzas e necesidades integrais das mulleres superando prioridades dadas ao rol tradicional de xénero. Fomentar a participación das mulleres en asociacións que velen polos seus intereses, calquera que sexan.

Neste senso, dividimos esta liña estratéxica en 3 obxectivos:

**Obxectivo específico 1:** Poñer en marcha e dinamizar o Consello Sectorial da Muller.

**Obxectivo específico 2:** Fomenta-la creación, dinamización e mantemento de asociacións de mulleres.

**Obxectivo específico 3:** Favorecer a creación dun espazo destinado ao intercambio e reunións das mulleres do noso concello.

En relación a estes obxectivos específicos planeamos 9 actuacións que posibilitarían a consecución dos mesmos. Destas 9 actuacións leváronse a cabo 3 (33,33%) correspondentes aos obxectivos específicos 1 e 2.

Dende a Área de Igualdade quixemos apostar pola participación e o empoderamento das mulleres do Concello de Camariñas pois a plena participación en condicións de igualdade en tódolos ámbitos da sociedade é fundamental para o logro da igualdade. Tendo en conta isto, fíxose imprescindible a creación dun órgano que articulara dita participación, como é o **Consello Sectorial da Muller**. Creouse con representantes de grupos políticos, representantes de asociacións municipais, representantes de agrupacións profesionais, representantes dos consellos escolares dos centros educativos do concello e ten como función principal a promoción e impulso das políticas e da perspectiva de xénero. Dicar que a posta en marcha do mesmo foi un éxito pois houbo un duro traballo hasta a consecución do mesmo, é un grupo que necesita de moita dinamización e lles queda moito traballo para que funcionen de maneira autónoma.

Co obxectivo de facilitar a creación e o desenvolvemento de asociacións, temos o **programa de asesoramento sobre constitución, posta en marcha e dinamización de asociacións**, así como de axuda a tramitación de calquera axuda ou subvención. Xunto con este asesoramento temos recursos dirixidos a elas como préstamo de locais para celebracións de reunións ou actos, acceso a recursos materiais e de novas tecnoloxías e tamén formación de **Xestión de Asociacións**.

Aínda que non se fixeron moitas actuacións das previstas no Plan, pensamos que o traballo realizado na liña de participación e empoderamento é moi positiva, pois a través de todos estes servizos, fomentouse a creación e desenvolvemento de colectivos e a creación de redes, en prol da igualdade de xénero. Estas asociacións e colectivos contan sempre co apoio e o asesoramento da Área de Igualdade e do resto dos departamentos municipais, coas que temos unha relación de estreita colaboración, pois participan nas diversas actuacións que se levan a cabo dende a Corporación Local.

## **5.2 LIÑA ESTRATÉXICA: CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR, LABORAL E PERSOAL: REPARTO DE RESPONSABILIDADES DOMÉSTICAS**

Esta liña estratéxica ten como obxectivo xeral Promover o desenvolvemento dun modelo de convivencia familiar, social e laboral máis igualitario.

O problema fundamental é que as mulleres seguen a soportar o peso da maior parte das tarefas no fogar o cal perpetúa a división de tarefas en función de xénero. Avanzar na igualdade é avanzar no reparto de responsabilidades, e na conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

Neste senso, dividimos esta liña estratéxica en 4 obxectivos específicos:

**Obxectivo específico 1:** Promover o desenvolvemento dun modelo de convivencia familiar, social e laboral máis igualitario.

**Obxectivo específico 2:** Colaboración con outras administracións públicas na creación de servizos públicos dirixidos a atención da infancia e persoas dependentes.

**Obxectivo específico 3:** Favorecer a información dos recursos existentes dispoñibles tanto para o colectivo feminino como para o masculino para conseguir conciliar a vida familiar e laboral.

**Obxectivo específico 4:** Fomenta-la participación e a implicación do colectivo masculino en actividades e actuacións relacionadas coa igualdade de oportunidades.

En relación a estes obxectivos planeamos 10 actuacións, das cales leváronse a cabo 4 (40%) que se corresponden cos obxectivos específicos 1,3 e 4.

A maior parte das actuacións levadas a cabo no referente a esta temática foron de traballo de sensibilización e concienciación sobre a necesidade de compartir as responsabilidades familiares e cargas de traballo doméstico para compatibilizar a vida persoal, familiar e laboral. Grupos de encontro co colectivo masculino, Maratón fotográfico pola coresponsabilidade, Obradoiros sobre reparto de responsabilidades e igualdade nos centros educativos, curso de cociña para homes, todas elas actividades moi produtivas e interesantes coa finalidade de producir un cambio de mentalidades. A creación dunha rede de homes con inquietudes e mentalidade aberta con respecto a igualdade de oportunidades foi un dos obxectivos alcanzados que máis valoramos, pois eles son básicos na loita e prol da igualdade.

Realizouse e editouse un documento de recursos sobre dereitos laborais e de fomento da conciliación “Comeza cos teus dereitos” , pois pensamos que a información é un elemento clave para que a cidadanía se desenvolva de maneira autónoma. Foi moi ben acollido pois se repartiu en todo o noso concello e a tamén fíxose unha divulgación a institucións externas.

Valoramos positivamente o traballo realizado pois é fundamental seguir con actuacións de sensibilización, información e concienciación pero haberá que dar un paso máis e incrementar dispositivos de apoio a/o cidadá/n que favorezan a conciliación, como posta en marcha de medidas de conciliación nas empresas.

### **5.3 LIÑA ESTRATÉXICA: FORMACIÓN E EMPREGO**

Esta liña estratéxica ten como obxectivo xeral fomenta-la formación e cualificación profesional, apoiar a incorporación da muller ao mercado de traballo, o autoemprego e promove-la mellora das condicións laborais en sectores máis feminizados.

Pretendemos favorecer que as mulleres mediante a formación, o emprego e a creación e mantemento de empresas, poidan estar máis presentes no ámbito público e mellorar a súa situación en canto o pleno exercicio dos seus dereitos e a toma de decisións económicas e sociais.

Neste senso dividimos a liña estratéxica en 3 obxectivos específicos:

**Obxectivo específico 1:** Realizar accións encamiñadas a inserción laboral contemplando de maneira específica o perfil das mulleres e fomentando a diversificación profesional.

**Obxectivo específico 2:** Apoiar a xeración de emprendedoras e o fortalecemento das empresarias.

**Obxectivo específico 3:** Desenvolver campañas informativas sobre as condicións de traballo das mulleres.

En relación a estes obxectivos planeamos un total de 12 actuacións, das cales leváronse a cabo 7 (58,3%) e que teñen correspondencia cos obxectivos 1 e 2.

Nesta area é onde mellor se aprecia a utilización da estratexia de mainstreaming de xénero. Vese como a perspectiva de xénero se incorpora a tódalas políticas, niveis e etapas, pois a maior parte das actuacións levadas a cabo están coordinadas e realizadas polo departamento da Axencia de Desenvolvemento Local de Camariñas.

Traballamos continuamente polo apoio a inserción laboral das mulleres ofrecéndolles toda a información e formación que necesiten, ademais de apoialas no coñecemento das novas tecnoloxías e comunicacións, para que as utilicen como ferramentas na busca de emprego. Neste sentido se realizaron obradoiros sobre Busca activa de emprego, de novas tecnoloxías, de curriculum vitae ... Estas formacións impartíronas a orientadora laboral do concello e o axente TIC da rede CeMIT. Hai que sinalar que a desagregación de datos por xénero en materia de formación está permitindo coñecer as demandas e necesidades específicas de mulleres e homes e poder deseñar programas específicos.

Realízase e realizouse un programa constante de apoio, asesoramento e titorización a iniciativas empresariais, onde do total das persoas atendidas un 30% son mulleres. Tamén se realizan titorías e asesoramento sobre proxectos á mulleres directivas para un bo desenvolvemento das súas iniciativas empresariais. A persoas usuarias destes servizos o valoran moi positivamente e que mellor exemplo que seguen o número de persoas que utilizan estes programas crece cada ano.

Nestes anos de vixencia do Plan na área de Formación e emprego leváronse a cabo dous programas de dinamización de dous colectivos de mulleres do noso concello. No primeiro programa de Dinamización do mercado municipal, realizouse un traballo de organización, de racionalización do espazo, de nova presentación dos produtos e de coordinación entre as persoas implicadas. No proceso se realizaron varias sesións formativas para as persoas propietarios dos postos do mercado.

O outro programa de dinamización foi co colectivo de palilleiras, tan numeroso e coñecido no noso concello, capital do encaixe. No Programa de desenvolvemento do encaixe, realizouse un intenso traballo de dinamización, información, asesoramento e organización, ademais realizáronse varias accións formativas e unha xuntanza entre concellos con tradicións palilleiras. De este mesmo proxecto xurdiron novas ideas e iniciativas como son a elaboración dunha marca que de nome o encaixe de Camariñas e a creación dun espazo on-line e comercio electrónico onde poder comercializar dita marca, ambos procesos están sendo desenvolvidos no período 2013-2014.

Os dous programas son valorados moi positivamente pois se está influíndo de maneira positiva na calidade de vida e nas condicións laborais de dous colectivos de mulleres moi significativos no noso concello. Así como dotándoas máis visibilización e presenza para a mellor comercialización dos seus produtos.

#### **5.4 LIÑA ESTRATÉXICA: PREVENCIÓN E ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO**

Esta liña estratéxica ten como obxectivo xeral favorecer a prevención de situacións de violencia contra as mulleres, así como intentar mellorar a calidade de vida das mulleres vítimas de violencia de xénero de maneira integral para que leven a cabo un proxecto vital novo onde sexan persoas autónomas, independentes e seguras de si mesmas.

A loita contra o maltrato ás mulleres require se estratexias que combinen tanto medidas de prevención social como de asistencia. Isto inclúe, por suposto, un cambio global na forma de ver as relacións entre mulleres e homes, unha ruptura cos roles sociais e estereotipos, educación en valores de igualdade, da linguaxe, etc.

Neste senso, esta liña divídese en dous obxectivos específicos:

**Obxectivo específico 1:** Realizar accións encamiñadas a inserción laboral contemplando de maneira específica o perfil das mulleres e fomentando a diversificación profesional.

**Obxectivo específico 2:** Apoiar a xeración de emprendedoras e o fortalecemento das empresarias.

En relación con estes obxectivos planeamos un total de 12 actuacións das que se levaron a cabo 9 (75%), e que teñen correspondencia cos dous obxectivos específicos.

No anterior PIOM, apenas traballouse en temática de violencia de xénero e pensábase que era una tarefa pendente, por iso esta liña estratéxica converteuse neste II Plan nunha liña prioritaria de traballo.

Pensamos que o traballo en prevención é básico para a eliminación da violencia de xénero, por iso realizamos obradoiros nos centros educativos de educación secundaria para previr situación de violencia na parella, actitudes discriminatorias fomentando cambios de mentalidades a actitudes máis igualitarias. O mesmo que traballamos conceptos de eliminación de estereotipos e cambios de roles co colectivo masculino nos grupos de homes. Tamén realizouse abundante traballo de sensibilización e concienciación, con campañas divulgativas, Maratóns fotográficos, exposición con temática de violencia de xénero, conmemoración do 25 de novembro ... Este traballo de visibilización, concienciación e prevención foi fundamental para que a sociedade comprenda que este tipo de violencia non é un asunto privado, senón que é unha lacra que afecta a toda a sociedade no seu conxunto e que non podemos quedar indiferentes ante una violencia que mata e maltrata as mulleres polo simple feito de selo.

Tamén realizamos un amplo traballo de intervención con mulleres vítimas de violencia de xénero, pois puxemos en marcha o programa de intervención e acompañamento Contra a Violencia de Xénero “ Hai outro Lado” que pretende dar respostas integrais as mulleres que acoden ao noso concello con esta problemática de maneira áxil e rápida. Para poder recuperar os seus proxectos vitais promovemos cas mulleres que están de acordo, a solicitude do Programa de cooperación de Inserción laboral para vítimas de violencia de xénero da Consellería de Traballo e Benestar onde se insertaron laboralmente ás mulleres durante un ano, cun proceso de titorización e formación constante da mesma en todo o período, para que recuperen as súas vidas e gañen en autonomía.

O fío de todo este traballo, démonos conta que fallaba unha parte fundamental en todo o proceso, é que non había unha coordinación fluída de información e derivación entre os axentes implicados en primeira instancia en casos de violencia de xénero, por iso decidimos comezar a traballar na realización dun itinerario de coordinación interinstitucional, que permitira as persoas implicadas na intervención en casos de violencia de xénero, ter acceso a información para poder dar unha resposta o máis integral posible a vítimas así como que a derivación de casos fora do xeito menos traumático.

O traballo que se realizou en violencia de xénero nos anos de vixencia do plan foi fundamental para ter un programa global de actuacións a nivel preventivo, de sensibilización, de intervención e de coordinación. A valoración é moi positiva e pero temos que seguir traballando e ampliando a coordinación cos axentes sociais implicados.

## 5.5 LIÑA ESTRATÉXICA: COEDUCACIÓN E PROMOCIÓN DA IGUALDADE

Esta liña estratéxica ten como obxectivo xeral favorecer a ruptura dos estereotipos e roles de xénero por medio da educación e a promoción de accións que fomenten a igualdade.

No camiño cara a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, a educación constitúe un factor clave para o logro de maiores niveis de autonomía persoal das mulleres. Os centros educativos xunto coa familia constitúen o lugar onde comezar a superación dos estereotipos de xénero, mediante o afianzamento dos valores e as prácticas coeducativas para o desenvolvemento dunha personalidade sen barreiras de xénero e a construción social de forma común.

Como obxectivo específico planeamos promover a ruptura dos estereotipos e roles de xénero por medio da educación.

Nesta liña estratéxica planeamos 6 actuacións das que se levaron a cabo 4 (66,66%).

A coeducación é un reto para o conxunto da sociedade pois, a través da educación en novos valores, anula as situacións de discriminación, camiñando cara a igualdade de dereitos e oportunidades. No período de vixencia deste plan, traballamos de maneira moi activa nos centros escolares de primaria e secundaria. Realizamos obradoiros de prevención de violencia de xénero, de corresponsabilidade e de promoción da igualdade. A colaboración cos centros escolares é moi positiva, pois anos tras ano demandan este tipo de formación para o seu alumnado. A familia é un dos axentes socializadores máis importantes e creemos que traballar coas nais e os pais a educación en igualdade é fundamental para un verdadeiro cambio de mentalidades. Por iso realizamos charlas nos grupos de encontro de nais e pais dúas veces ao ano.

Para estar máis presentes o longo de todo o ano escolar e para que o alumnado sexa o protagonista do seu aprendizaxe realizamos accións que impulsen a igualdade de oportunidades e que fomenten a súa visión crítica da situación. Organizamos concurso de curtas polo móbil coa temática de identificación das discriminacións que sofren as mulleres, concurso dun slogan para a igualdade, Realizaron un curso de novas tecnoloxías para a realización dun spot publicitario a favor da igualdade, exposición e campañas ...

En definitiva, traballamos de maneira moi activa nos centros escolares do noso concello, para que a nosa sociedade se desenvolva en valores de igualdade e respecto. A valoración é moi positiva pois é un traballo continuado que pretendemos seguir realizando nos vindeiros anos. Sería importante neste senso ampliar os traballo a educación infantil e preescolar.

## 5.6 LIÑA ESTRATÉXICA: SAÚDE E DEPORTE

Esta liña estratéxica ten como obxectivo xeral mellorar as condicións de benestar das mulleres atendendo ás súas necesidades.

A posibilidade das mulleres de gozar dunha boa saúde dependen moitas veces da súa propia capacidade para acceder aos recursos que lles permitan unha vida digna, con igualdade de oportunidades e exenta de violencias. Unha vida na que a sexualidade e a reprodución se exerzan dende a autonomía e a liberdade.

Neste senso, dividimos esta liña en dous obxectivos específicos:

**Obxectivo específico 1:** Implantar programas de educación sanitaria que faciliten un mellor coñecemento sobre a saúde en xeral, sobre os cambios biolóxicos, e sobre calquera adquisición dos hábitos saudables para mellorar a súa calidade de vida.

**Obxectivo específico 2:** Impulsar a participación das mulleres en actividades deportivas e recreativas atendendo ás necesidades e intereses que estas teñen.

En relación con estes obxectivos planeamos 9 actuacións das que se realizaron 2 (22,22%), que se enmarcan nos dous obxectivos específicos.

Esta liña específica é un das liñas nas que menos actuacións se levaron a cabo, pois as actuacións das demais liñas de actuacións adaptáronse mellor as programas temáticos que realizamos ao longo do plan.

Así e todo levamos a cabo o programa formativo a coidadoras e coidadores, para facilitarlles o necesario para un bo coidado tanto da persoa dependente como dela mesma. Os obradoiros tiveron moi boa acollida e se realizaron en tres parroquias do concello, con un alto grao de participación.

Tamén realizouse no ano 2008 un curso de defensa persoal durante dous meses que tivo un alto grao de participación e no que as mulleres asistentes verbalizaron que lles gustaría que fora unha actividade continuada.

A pesar das poucas actuacións realizadas nesta liña, pensamos que é unha liña importante para favorecer a igualdade de oportunidades e mellorar a calidade de vida das mulleres, polo que cremos necesaria volver a incluílas en futuras propostas.

## **6. RECOMENDACIÓN E PROPOSTAS PARA INCORPORAR NO III PLAN DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE CAMARIÑAS**

Da avaliación do II Plan de Igualdade entre mulleres e homes (2008-2012) concluímos unha serie de recomendacións e propostas de mellora cara a elaboración e deseño do III Plan de igualdades entre mulleres e homes do concello de Camariñas.

Para avanzar na igualdade de oportunidades é totalmente necesario fomentar a incorporación da perspectiva de xénero de maneira transversal en tódolos ámbitos e departamentos do Concello. Así como deseñar un sistema de coordinación entre a área de Igualdade e o resto das áreas do Concello implicadas na posta en marcha do plan.

O II Plan de igualdade de oportunidades estableceu unha estrutura totalmente coherente para conseguir fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes pero pensamos que é necesario considerar que as actuacións que se deseñen no futuro, así como a metodoloxía avaliativa e de seguimento se adapten a situación concreta que está a vivir o concello nestes intre, como son menos recursos económicos e a situación de temporalidade da persoa responsable da Área de igualdade.

Pensamos que sería importante e ademais favorecería a incorporación da perspectiva de xénero, incluír unha liña estratéxica de mainstreaming de xénero, con actuacións que fomenten a inclusión desta estratexia na totalidade do noso concello.

Potenciar o traballo e dinamizar do Consello Sectorial da Muller, deseñando actividades que se adapten as necesidades da poboación.

Retomar o traballo de dinamización e consolidación das redes creadas para conseguir a súa autonomía. Así como fomentar a mellora da organización e xestión das asociacións de mulleres.

Mellorar o sistema de información e divulgación das actuacións levadas na Área de Igualdade cara o noso concello e cara afora del.

Potenciar a mesa de coordinación de violencia de xénero do concello, así como integrar no itinerario de coordinación a novos axentes implicados no tratamento de esta lacra como son os do ámbito sanitario e de educación.



**7. FICHAS DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN E SEGUIMENTO DO II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE CAMARIÑAS (2008-2012)**

**ACTUACIÓN DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN DO CONSELLO SECTORIAL DA MULLER, PARA QUE DINAMICE E APORTE INICIATIVAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE IGUALDADE**

**1. Organismo/entidade responsable.**

Área de Igualdade do Concello de Camariñas.

**2. Liña estratéxica do II PIOM na que se inclúe.**

Liña estratéxica 1: Participación e Empoderamento

**3. Obxectivo xeral e específico do II PIOM.**

**Obxectivo xeral:** Promove-la participación e plena integración das mulleres en tódolos ámbitos da vida pública.

**Obxectivo específico 1:** Poñer en marcha e dinamizar o consello Sectorial da Muller.

**4. Tipo de actividade.**

Actividade de participación

**5. Denominación da actividade.**

Posta en marcha e dinamización do Consello Sectorial da Muller.

**6. Poboación destinataria.**

Mulleres representantes de entidades de iniciativa social do concello de Camariñas que estean integramente constituídas por mulleres ou cunha alta porcentaxe de participación do colectivo feminino, mulleres representantes do consellos escolares dos centros educativos do concello de Camariñas, mulleres representantes dos sindicatos que teñan representación no concello, mulleres representantes de asociacións ou agrupación profesionais ...

**7. Número de asistentes ou persoas beneficiarias.**

15 mulleres

**8. Ámbito xeográfico.**

Local: 1

Provincia: A Coruña 1

**9. Colaboracións.**

Nome organismo/entidade: Axencia de Desenvolvemento Local

**10. Financiamento.**

Organismo: Concello de Camariñas, Deputación da Coruña

**11. Data de realización.**

